

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE ESTUDANTES NAS XUNTAS DE CENTRO

De conformidade co Regulamento Electoral Xeral da USC e a convocatoria de elección de representantes de estudantes nas Xuntas de Centro aprobada por acordo da Comisión Electoral Central do 24 de outubro de 2022, e rematado o prazo de presentación de recursos fronte a Resolución da Secretaría Xeral sobre rectificación do censo provisional sen que se teña presentado ningún recurso,

A Comisión Electoral Central acorda:

- Dispoñer a publicación do censo electoral definitivo. Esta publicación terá lugar nos taboleiros electorais e poderá consultarse de xeito individualizado na aplicación electoral.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O presidente da Comisión Electoral Central

Fernando A. Vázquez-Portomeñe Seijas

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Taboleiros electorais

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: FERNANDO VÁZQUEZ-PORTOMEÑE SEIJAS, NIF ***1209**, 08/11/2022 14:30:37.

CSV: 6B15-AE14-411B-94ED